

D I T A M E

Ditame
10/06

sobre o anteproxecto de
Lei de subvencións
da Administración da
Comunidade Autónoma
de Galicia

A P R O B A D O P O L O P L E N O O 4 D E O U T U B R O



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

■ ANTECEDENTES

1.- En data 4 de setembro tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, polo trámite de urxencia, o borrador do anteproxecto de Lei de subvencións da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2: Sector público e benestar social, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, o mesmo día 4 de setembro, da entrada de solicitude de ditame.

3.- Nesa mesma data, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o 11 de setembro, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 13/06, acorda aprobar a proposta de ditame, con data 25 de setembro, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 5/06, do 4 de outubro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei de subvencións da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

■ ESTRUCTURA E CONTIDO

O Anteproxecto de Lei sometido a ditame ten por obxecto a regulación do réxime xurídico propio das subvencións cuxa xestión ou outorgamento corresponde á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, así como aos organismos e demais entidades vinculadas ou dependentes desta.

O Anteproxecto de Lei sometido a ditame deste Consello estrutúrase en cinco títulos, integrados por 68 artigos, sete disposicións adicionais, tres disposicións transitorias e unha disposición derogatoria.

■ CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- A primeira das consideracións xerais a este Anteproxecto de lei é que resulta obrigado reiterar novamente que o prazo requirido no trámite de urxencia para a emisión de ditame implica unha celeridade na análise deste Anteproxecto que pode ir en detrimento do desexado estudo e análise e, consecuentemente, do resultado esperado do labor consultivo do Consello.

2.- O CES entende que debería engadirse a necesidade de camiñar na realización e establecemento dun “portelo único” que informe das distintas subvencións así como sobre a documentación que han de presentar para as mesmas os administrados.

3.- O CES considera que se debería de facer unha referencia á posible creación dun Plan Estratéxico de Subvencións, coa introdución de criterios concretos de avaliación periódica das liñas de subvencións xa iniciadas, para poder determinar así a conveniencia ou non do seu abandono ou continuación, facilitando e regulando o necesario abandono de determinadas liñas de subvención cando se aprecia a súa ineficacia.

4.- O CES considera fundamental o uso correcto do idioma nos textos oficiais, polo que se solicita que se aplique a normativa vixente en materia de normalización lingüística. Neste senso, proponse a eliminación das letras j) e k) das clasificacións do presente anteproxecto de lei por non existir no noso idioma.

Por outra banda, o CES entende que, para mellora-la claridade da norma, deberían substituírse as verbas “nacional” e “nacionais” por “*estatal*” e “*estatais*”, segundo corresponda.

■ CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- O artigo 10 do anteproxecto de Lei de subvencións regula os requisitos para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora. No **apartado 2** do presente artigo expóñense as circunstancias que impiden a obtención da condición de beneficiario ou entidade colaboradora.

O CES considera que no apartado e) do artigo 10.2, debería substituírse a expresión : “(..) á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa (...)” pola seguinte:

“(..) á Seguridade Social e ter pendente de pagamento en período executivo algunha débeda coa (...)”,

por entender que a circunstancia que impide a obtención da condición de beneficiario ou entidade colaboradora é a de ter pendente unha débeda e non a de non ter pendente ningunha outra débeda.

2.- O artigo 11 do anteproxecto de Lei obxecto de ditame expón as obrigas dos beneficiarios.

O CES entende que no **apartado e)** do presente artigo 11 debería incluírse tamén como obriga do beneficiario non ter pendente de pagamento algunha outra débeda en período executivo coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

3.- O artigo 16 do anteproxecto de Lei regula o Rexistro público de subvencións.

O CES considera que se debería de incluír neste artigo un novo apartado no que se fixese unha referencia expresa á creación de rexistros de solicitantes do seguinte xeito:

“Estes rexistros e a documentación permitirán a operatividade e eficacia na documentación requirida para as distintas subvencións, evitando duplicidade de documentación que xa obra en poder da Administración”.

4.- O artigo 20 do anteproxecto de Lei regula a iniciación dos procedementos de concesión en réxime de concorrència. No **apartado 2** do citado artigo 20 desenvólvese o contido necesario da convocatoria da subvención.

O CES entende que se debería incluír un novo subapartado no artigo 20.2 no que se impuxese a inclusión nas bases reguladoras da definición dos conceptos de gastos subvencionables en cada subvención, evitando así a posible polémica posterior á hora de determinar cales son os gastos cubertos pola subvención

5.- O artigo 23 regula a resolución nos procedementos de concesión en réxime de concorrència, establecendo no seu **apartado 4** un prazo máximo de nove meses para resolver e notificar a resolución do procedemento.

O CES entende excesivo o prazo de nove meses fixado, considerando axeitado o prazo de seis meses, por entenderse máis que suficiente para a resolución do procedemento.

O CES considera que se debería de modificar o **apartado 5** do **artigo 23** de forma que quedase redactado como segue:

“5. O vencemento do prazo de resolución sen notificarse esta lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención”.

6.- O artigo 29 do anteproxecto de Lei de subvencións regula os gastos subvencionables.

O CES considera que, dada a reforma establecida no Real Decreto Lei 5/2006 ,que modifica o artigo 31.3 da Lei 38/2003, debería incluírse un novo parágrafo no **apartado 3** do **artigo 29** do seguinte modo:

“No marco da formación profesional considérase que o beneficiario cumpre o disposto no artigo 29.3 da Lei cando xustifique de modo razoado que a elección do provedor resposta aos criterios de eficacia e economía, tendo en conta a formación a desenvolver e o ámbito no que esta se desenvolve.

A estes efectos, a normativa reguladora da formación profesional poderá concretar os mencionados criterios”

Por outra banda, o CES considera que se debería de incluír no artigo 29, como un novo apartado, as condicións para a cesión dos dereitos de cobro da subvención a favor de acredores por razón de gastos e inclusión destes no rexistro de solicitantes no seu caso.

7.- O artigo 31 do anteproxecto sometido a ditame regula o procedemento de aprobación do gasto e pagamento. O **apartado 6** do citado artigo 31, no segundo parágrafo, abre a posibilidade de realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención: A devandita posibilidade e o réxime de garantías desenvolveranse regulamentariamente.

O CES entende que no antedito desenvolvemento regulamentario, debería establecerse como límite máximo para a constitución de avales ou outras garantías, o importe que corresponda aos pagamentos anticipados efectivamente verificados, e non á totalidade do importe da subvención.

8.- O artigo 53 recolle a regulamentación da concorrencia de actuacións coa orde xurisdiccional penal.

O CES entende que no **apartado 1** do citado artigo 53 débese substituír o tempo verbal “*terá*” polo de “*teña*” para que o contido sexa entendible.

9.- O artigo 65 do anteproxecto de Lei de subvencións regula a publicidade das sancións.

O CES entende que no **apartado 1** do presente artigo 65 debería eliminarse a expresión “*na vía xudicial*”.

No **apartado 2** do artigo 65, no que respecta ao Rexistro Público de Sancións, o CES incide no manifestado polo Consello Consultivo de Galicia,

no senso de que “só sería posible mediante unha regulación dos seus elementos esenciais, que establecese os adecuados mecanismos de garantía e control , que de acordo co art. 6 da Lei orgánica de protección de datos, debería incluír o consentimento expreso e inequívoco do titular dos datos para a súa incorporación ao rexistro, e así mesmo a clara e expresa limitación do acceso aos datos que constan no rexistro das persoas que acrediten un interese lexítimo de acordo co establecido na LXPAC”.

10.- O artigo 66 do anteproxecto de Lei regula o procedemento sancionador.

O CES entende que, no **apartado 1** do presente artigo, se debería de substituír a expresión “se é o caso” por “**en todo caso**”.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2006

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano